



Pementos galegos amparados polas DOP e IXP



Alfredo Taboada Arias

**Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo Ctr^a Betanzos-Mesón do Vento, Km. 7,5
15318 Mabegondo. Abegondo. A Coruña**

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Dentro dos produtos de orixe vexetal, amparados por algunha DOP ou IXP, atopamos 5 variedades locais de pementos galegos:



Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Diferenzas entre una IXP e una DOP

Ámbito xeográfico: Orixinario dun lugar determinado, rexión ou país (na DOP, o país sería excepcional).

Características do produto: Na DOP, a calidade ou características débense fundamental ou exclusivamente ó medio xeográfico. Na IXP fai referencia a una calidade, reputación ou outra característica que poda atribuírse á orixe xeográfica.

Fases de produción: Na DOP téñense que producir na súa totalidade na zona xeográfica. Na IXP, polo menos unha.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

O documento fundamental dunha IXP ou DOP é o **Prego de Condicións**, que establece todos os elementos que as definen. Está recollido no Regulamento da IXP ou DOP.

Os **Regulamentos** están estruturados en varios apartados. Os principais, son os que establecen o ámbito xeográfico, as características do produto e os métodos de produción e de envasado.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Características do produto

- O primeiro que definen os Regulamentos, é que **produto ampara**. No caso dos pementos, os froitos da especie *Capsicum annuum* L. dos ecotipos locais.
- Describen o estado de recolección do froito e xeito de comercialización.
- Faise unha descrición morfolóxica da planta e do froito e das súas características organolépticas (cata)
- Ás veces inclúen as características químicas do pemento.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Ámbito xeográfico

No Regulamento establécese o ámbito xeográfico afectado pola IXP ou DOP. Esta pode ser definida nunha parroquia, nun concello, nunha comarca, nunha provincia, nunha C.A....

Aspectos xerais do cultivo

Xeneralidades sobre prácticas culturais de fertilización, loita contra pragas e enfermidades, etc.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Obtención de semente e plántula

Os Regulamentos especifican que a semente procederá de plantacións inscritas nos rexistros das IXPs ou DOPs.

Establécense unha serie de xeneralidades sobre a selección de plantas e a extracción da semente.

Determinan as épocas de facer as sementeiras e o xeito de facelas, específicos para cada unha delas.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Técnicas de cultivo

Os aspectos máis importantes que se recollen neste apartado son:

- Sistema de cultivo (baixo cuberta e ó aire libre).
- Época de transplante para cada sistema e marcos de plantación.
- Rendementos máximos admitidos en cada sistema.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Recolección e almacenamento

Establecen unha serie de xeneralidades sobre a recolección e o almacenamento

Envasado e comercialización

Os Regulamentos determinan os periodos de comercialización entre dúas datas.

Tamén determinan os tamaños dos lotes comercializables e os envases.

Establecen o aspecto que deben reunir os froitos.

Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

Por último, nos regulamentos se recollen os logotipos das IXPs ou DOPs



Pementos galegos amparados polas DOP e IXP

MOITAS

GRAZAS